



1. **As** (→ regra 1) festas do **Entroido** (→ regra 7) en **Verín** (→ regra 2) son divertidísimas. / **Rosalía de Castro** (→ regra 2) inaugurou o **Rexurdimento** (→ regra 7) coa publicación de **Cantares gallegos** (→ regra 4) en 1863. / **Que** (→ regra 1) delicia de guiso! **Prestouche** (→ regra 1) a ti tamén? / **Segundo** (→ regra 1) o xornal **Galicia Hoxe** (→ regra 5), acaba de ser descuberto un novo satélite de **Saturno** (→ regra 2). / **O** (→ regra 1) **Dr.** (→ regra 3) **Henríquez** (→ regra 2) foi nomeado director do **Hospital Xeral** (→ regra 6). / **Onte** (→ regra 1) vin na **TVG** (→ regra 8) o capítulo **XIV** (→ regra 8) de **Pratos combinados** (→ regra 4). / **Querida** (→ regra 1) **Paula** (→ regra 2): **Escriboche** (→ regra 1) esta postal desde **Alemaña** (→ regra 2)... / **A** (→ regra 1) comezos do século **XX** (→ regra 8) fundouse a **Real Academia Galega** (→ regra 6).

2. Reunireime con **Vde.** ás doce en punto na **praza da Quintana** / Como ves ti ese problema? **Pensas** que o resolveremos antes do **Nadal**? / O **p**residente da **Xunta** reunirase mañá coa **d**elegada do **Sindicato Labrego Galego**. / As miñas clases na **Escola Oficial de Idiomas** comezan en **o**utubro. / Acabo de ler **Un millón de vacas** de **Manuel Rivas** e gustoume moito. / Saímos **da** **Coruña** no veleiro con rumbo **leste** e chegamos ata as **illas Sisargas**. / Onde se puido meter Carme?, **í**ría á praia?, **s**aíria de compras? / A **s**ocialista **Dolores Villarino** é a primeira muller que preside o **P**arlamento de **Galicia**. / Debes saber que **S**hiva non é unha **d**eusa do **b**udismo senón do **h**induísmo. / **U**xía **Pereira** fará un traballo sobre a **R**evolución **F**rancesa. **E**u fareino sobre o **N**eolítico. / Lin no xornal **A Nosa Terra** que o pasado **m**artes houbo un gran terremoto en **C**abo **V**erde.

3. **Óscar Pereiro**, un talento en alza. / **Óscar Pereiro** consolídase como un grande escalador após gañar unha etapa e quedar de décimo no **Tour**. **A** clave do seu éxito é a loita até ficar sen folgos. / **H**ai tres tipos de ciclistas no **Tour**: o líder que bater, o grupo de ciclistas que se conforman con estar detrás de **Lance Armstrong** intentando acadar unha das prazas do podio e os que dan espectáculo e loitan até o final sen deixarse amedrentar polo que leva a camisola amarela. **Óscar Pereiro** é desa terceira clase. **L**oitador onde os haxa, o de **Mos**, con 27 anos, puxo o ciclismo galego, de novo, no cume. / **C**unha vitoria e un segundo posto nos **Pireneos** demostrou que pasa por ser un dos mellores escaladores da actualidade. **D**e feito, afianzouse coa segunda praza na clasificación da montaña, por detrás do danés **Rasmussen**, que fixo puntos nas primeiras etapas da rolda. **M**oitos pensan agora que de non ser pola súa fatídica caída nos **Alpes** e por ter que facer de gregario do teórico líder do seu equipo, o colombiano **Santiago Botero**, hoxe estaría loitando polo podio en **París**.